



Área / Unidade	Expediente
GESTION ADMINISTRATIVA MEDIO AMBIENTE	541/2024/179

ASUNTO: PLAN DE PREVENCIÓN DE INCENDIOS DO CONCELLO DA CORUÑA. EXECUCIÓN FORZOSA DA ORDE INCUMPRIDA

Comunícolle que en data 26 de marzo de 2026 a Concelleira Delegada de Medio Ambiente, actuando por delegación da Alcaldía Presidencia, resolveu o seguinte:

“ **Primeiro.-** Ordenar a execución subsidiaria da realización dos traballos de xestión da biomasa para a prevención e defensa contra os incendios forestais nas parcelas descritas no antecedente primeiro. Así mesmo procederáse ao comiso da madeira resultante da corta das especies arbóreas que deban ser retiradas.

A execución subsidiaria levarase a cabo a partir das **9:00 horas do día 13 de abril de 2026** por parte do persoal designado pola Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, S.A.

Segundo.- Aprobar a liquidación provisional dos gastos derivados da execución subsidiaria, que, a reserva da súa liquidación definitiva unha vez realizadas as actuacións, deberá aboar a persoa responsable.

Terceiro.- Dar traslado ao órgano competente para incoar o procedemento sancionador, consonte ao establecido polo artigo 54 da Lei 3/2007, para que se incoe o dito procedemento e se adopte a medida cautelar de comiso das especies arbóreas prohibidas.

Cuarto.- O texto íntegro desta resolución estará ao dispor das persoas destinatarias na sede electrónica do Concello actuante.

A Alcaldesa, P.D.

A Concelleira Delegada de Medio Ambiente,
Eudoxía María Neira Fernández
(asinado)”

O que lle notifico para o seu debido coñecemento e aos efectos oportunos, xunto co informe proposta que serve de motivación á resolución que lle traslado.

Así mesmo, infórmoo de que contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderán interpoñer os interesados recurso contencioso-administrativo ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses de acordo co artigo 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, contados, en ambos casos, dende o día seguinte ao de notificación desta resolución.

O anterior, sen prexuízo da posibilidade de interpoñer calquera outro recurso que considere pertinente.